

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO - PEC 2016

CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA - DEPUTACIÓN DE A CORUÑA



1. INTRODUCCIÓN

Como resultado dun proceso de reflexión conxunta e coa fin de dotar ao Conservatorio Profesional de Danza dun estilo propio, na busca dunha mellora continua en relación á organización e calidade da ensinanza do Centro, plantéxase este PEC ou Proxecto Educativo de Centro.

1.1. MARCO LEGISLATIVO

O conservatorio ríxese pola lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, a normativa referente ás ensinanzas artísticas que sexan de aplicación, a normativa referente ás ensinanzas de danza específicas da Comunidade Autónoma de Galicia, a normativa da deputación Provincial de A Coruña e polo presente regulamento.

2. ORIGE E DESENVOLVEMENTO

O Conservatorio Profesional de Danza depende da Deputación Provincial de A Coruña, sendo un centro público de ensinanzas artísticas creado en 1991 como Escola de Danza Recoñecida de grao profesional (Decreto 29/1991 da Xunta de Galicia do 1 de febrero) e posta en funcionamento por Orde do 19 de febrero de 1991.

A clasificación deste centro segundo o disposto sobre regulamentación de centros non oficiais de ensinanzas artísticas no Decreto 1987/1964 do 18 de xuño está modificada polas Leis Orgánicas 8/1985 do 3 de xullo (LODE) e 1/1990 do 3 de outubro (LOXSE). Xa que logo, segundo a lexislación vixente, dito centro convértese en entidade pública e denomínase Conservatorio Profesional de Danza o 21 de setembro do 2000 baseado no convenio para o recoñecemento de validez académica do Conservatorio Profesional de Danza da Excm. Deputación Provincial de A Coruña, e nas futuras normas que sexan de aplicación.

O seu **labor** caracterízase por:

- A adicación á ensinanza e divulgación da Danza.
- A organización, coordinación e docencia das ensinanzas que dirixen á obtención do certificado de Ensinanzas Elementais de Danza e título profesional de Danza (especialidade Danza Clásica).
- O fomento do interese pola Danza na provincia de A Coruña permitindo que a diversidade poboacional disfrute co seu traballo.

3. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA

Os órganos de goberno do Conservatorio Profesional de Danza, ríxense pola Lei 2/2006, do 3 de maio, de Educación e Normativa Regulamentaria vixente.

Para a xestión e participación do propio Conservatorio constitúense os Órganos de Goberno *unipersonais* (director/a) e *colexiados* (claustro docente e consello escolar).

Ambos os dous velarán para que as actividades se desenvolvan de acordo aos principios, valores e obxectivos da educación, establecidos nas leis e nas disposicións vixentes, e pola calidade da ensinanza.

Serán tamén os encargados de garantir, no ámbito da súa competencia, o exercicio dos dereitos recoñecidos ao alumnado, mestrado, familias, persoal de administración e servizos, e velarán polo cumprimento dos deberes correspondentes.

Así mesmo, favorecerán a participación de toda a Comunidade Educativa na vida do centro, na súa xestión e avaliación.

3.1. ÓRGANOS UNIPERSOAIS: DIRECCIÓN

A dirección é o órgano que ostenta oficialmente a representación do Conservatorio. Dirixe e coordina todas as actividades do centro, respectando e garantindo o cumprimento da normativa vixente en relación ao funcionamento e actividade do Conservatorio.

Paralelamente, responsabilízase da boa xestión e funcionamento do mesmo:

- Exercendo a xefatura de todo o persoal adscrito ao Conservatorio.
- Poñendo en práctica as súas atribucións en materia disciplinaria respecto do alumnado e de acordo coas disposicións aplicables.
- Convocando e presidindo os actos académicos, reunións dos órganos de goberno e coordinación docente.
- Propoñendo o nomeamento e cesamento dos restantes membros do equipo directivo, informando ao claustro e ao consello escolar.
- Responsabilizándose de calquera outra encomenda pola consellería competente en materia de educación no ámbito das súas competencias.

3.2. ÓRGANOS COLEXIADOS: CLAUSTRO DOCENTE E CONSELLO ESCOLAR

3.2.1. CLAUSTRO DOCENTE

O claustro é o órgano de participación do mestrado no control e goberno do Conservatorio Profesional de Danza. Está presidido pola dirección do centro e intégrase polo mestrado que presta servizos no propio Conservatorio.

RESPONSABILIDADES

- Planificación, coordinación, información e decisión sobre todos os aspectos educativos do centro.

COMPETENCIAS

- Formular propostas ao equipo directivo para a elaboración e desenvolvemento do proxecto educativo e da programación xeral anual.
- Aprobar, informar e avaliar o desenvolvemento do currículo.
- Analizar e avaliar a organización e o funcionamento xeral do Conservatorio.

- Elexir a súa representación no consello escolar.
- Ser informado das propostas de nomeamento e cesamento dos membros do equipo directivo.
- Coñecer a resolución de expedientes disciplinarios e a imposición de sanción do alumnado, verificando a súa adecuación á normativa vixente.
- Calquera outra atribuída pola consellería competente en materia de educación no ámbito das súas competencias.

3.2.2. CONSELLO ESCOLAR

O consello escolar é o órgano de participación no control e goberno do Conservatorio Profesional de Danza por parte dos distintos sectores da comunidade educativa.

COMPETENCIAS

- Formular propostas para a elaboración de proxectos educativos e de xestión, da programación xeral anual, das normas de organización e funcionamento, e da súa aprobación e avaliación.
- Analizar e avaliar a organización e o funcionamento xeral do centro.
- Decidir sobre a admisión do alumnado de acordo coa normativa vixente.
- Propoñer medidas e iniciativas que favorezan a convivencia, a igualdade e a resolución de conflitos no centro.
- Coñecer a iniciación e resolución dos expedientes disciplinarios ao alumnado e velar pola súa adecuación á normativa vixente.
- Ser informado do nomeamento e cesamento dos membros do equipo directivo.
- Calquera outra atribuída pola consellería competente en materia de educación no ámbito das súas competencias.

COMPOSICIÓN

- A dirección do conservatorio que exercerá a presidencia.
- A xefatura de estudos do Conservatorio.
- Un representante do concello do municipio.
- Un representante de nais, pais ou titoras/es legais.
- Un representante do persoal de administración e servizo do conservatorio.
- Dous representantes do mestrado e un representante do alumnado.
- O secretario ou secretaria, con voz e sen voto.

4. INFRAESTRUTURAS

Emprazado no antigo Pazo da Sillería - Casa Martelo (Rúa Franxa, 14 - A Coruña 15001) atópase o Conservatorio Profesional de Danza. O edificio (propiedade da Excm. Deputación de A Coruña) consta de

baixo, dous pisos e ático, e conta con óptimas condicións técnicas e materiais adaptadas á ensinanza e formación da danza e coreografía.

4.1. INSTALACIÓNS

A finalidade do Conservatorio é atender as necesidades do alumnado que se forma no centro. Calquera persoa ou entidade allea ao mesmo que desexe facer uso das súas instalacións ou materiais, deberá solicitalo por escrito á dirección do Conservatorio, que tramitará, se procede, a petición ao servizo de Cultura e Deportes da Deputación de A Coruña.

REQUISITOS

- As solicitudes deberán especificar datas, horarios e os obxectivos da petición.
- A cesión quedará suxeita á dispoñibilidade das salas por parte do Conservatorio.
- Todas/os as/os solicitantes terán que seguir as mesmas normas establecidas para o alumnado do Conservatorio en canto ao mantemento e coidado do centro.
- A dirección do centro poderá revocar en calquera momento os permisos concedidos se a presenza das/os solicitantes distorsionara a marcha das clases, a organización do centro ou a distribución de espazos.
- En ningún caso se utilizarán as instalacións do Conservatorio para fins lucrativos.

Para o non previsto nestas normas ou para casos excepcionais, será a equipa directiva do Conservatorio a que valore a necesidade de levar o caso ao Consello Escolar.

INSTALACIÓNS

- 4 aulas de danza, con chan adaptado e forma rectangular con proporcións casi cadradas.
- 1 aula de música.
- 1 biblioteca.
- 3 despachos: dirección, xefatura de estudos e profesorado.
- 1 titoría.
- 1 sala de técnico de sonido.
- 6 vestiarios (4 mulleres – 1 homes – 1 mestrado)
- 1 conserxería.
- 1 secretaría.
- 1 sala de recepción e recollida do alumnado.

Cómpre destacar que o coidado e respecto por estas instalacións é condición fundamental para o seu desfrute. As/os usuarias/os deberán respectar as indicacións sinaladas en canto a horarios de entrada, saída e coidado da orde e do material se refire.

Así mesmo, queda prohibida a entrada a calquera persoa allea ao Conservatorio e/ou que non acoda ás actividades, reunións ou consellos programados polo centro.

5. OBXECTIVOS EDUCATIVOS XERAIS

O principal e fundamental obxectivo da educación é o de proporcionar ao alumnado unha formación plena que lle permita conformar a súa propia identidade, construíndo unha percepción da realidade que integre á vez o coñecemento e a valoración ética e moral da mesma. Esta formación plena ten que ir dirixida ao desenvolvemento da súa capacidade para exercer de maneira crítica, nunha sociedade plural, a tolerancia e solidariedade.

O Conservatorio preséntase como un centro educativo que ten como finalidade proporcionar ao alumnado unha formación artística de danza de calidade, baseándose na formación integral das alumnas e alumnos.

O seu labor oriéntase á consecución dos seguintes obxectivos:

- Educar a infancia e mocidade no coñecemento da Danza e nas súas diferentes modalidades.
- Proporcionar ao alumnado unha formación técnica e artística de calidade que garante a súa cualificación como profesionais da danza.
- Outorgar con carácter oficial, ao rematar os estudos académicos, o título de Danza correspondente ao grado oficial recoñecido e acadado.
- Integrar a diversidade poboacional da cidade de A Coruña no mundo da Danza a través de representacións e xornadas de portas abertas realizadas, en teatros ou espazos públicos, polo alumnado do Conservatorio Profesional de Danza.
- Elaborar o proxecto educativo do centro e actualizalo cando sexa preciso.
- Elaborar anualmente a programación xeral do curso e a memoria final.
- Dirixir e coordinar as ensinanzas para o cumprimento dos currículos oficiais, así como a normativa que os regula.
- Tramitar e custodiar todos os documentos que demanda a normativa.

5.1. LIÑAS DE ACTUACIÓN

A metodoloxía educativa debe desenvolver a personalidade e sensibilidade do alumnado, fomentar a creatividade artística, estimular ao alumnado cara un mundo artístico relacionado coa danza e potenciar o desenvolvemento das súas posibilidades. Ademais de:

- Favorecer a coordinación didáctica e fomentar o traballo en equipa.
- Establecer as funcións e temporalizacións a desenvolver por toda a comunidade educativa e centro.
- Fomentar unha comunicación fluída, así como a integración do alumnado novo na comunidade escolar.

- Desenvolver un clima agradable de traballo, un ambiente de respecto e tolerancia aberto a suxerencias e innovacións.
- Facilitar as vías de crítica construtiva e propostas de solución.

6. MODELO DE ENSINANZA QUE SE DESENVOLVE

PROFESIONAL | ACTIVA: PERSONALIZADA e PARTICIPATIVA | COORDINADA
 INTEGRAL | CREATIVA e ABERTA | MOTIVADORA | ORIENTADORA

7. VALORES QUE SE DESEXAN INCULCAR

RESPONSABILIDADE | RESPECTO, TOLERANCIA e SOLIDARIEDADE
 SENSIBILIDADE | CURIOSIDADE INTELECTUAL | TRABALLO EN EQUIPA
 AUTONOMÍA | CREATIVIDADE | CONSTANCIA e ESFORZO

8. OFERTA EDUCATIVA

No Conservatorio Profesional de Danza impártense as ensinanzas de Grao Elemental e Grao Profesional de Danza. Ambas as dúas, atópanse encadradas dentro das ensinanzas de réxime especial do Goberno de Galicia e regúlanse pola presente normativa:

- Decreto 196/2007, do 20 de setembro, polo que se establece a ordenación do Grao Elemental das ensinanzas de réxime especial de danza (DOGA do 23 de outubro do 2007).
- Decreto 204/2007, do 11 de outubro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de danza (DOGA do 2 de novembro de 2007).
- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
- Real Decreto 85/2007, do 26 de xaneiro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de danza reguladas pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
- Real Decreto 898/2010, do 9 de xullo, polo que se modifica o Real Decreto 85/2007, do 26 de xaneiro, no que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de danza reguladas pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.

Contéplase tamén a realización de actividades complementarias ou extraescolares con fins pedagóxicos e de proxección externa do traballo do Conservatorio, sempre que non interfiran no desenvolvemento da programación didáctica anual. Estas actividades teñen que ser aprobadas polo Departamento de Actividades e

a equipa directiva, deben ser recollidas na programación xeral anual, na medida do posible, e reflectirse na memoria final do ano.

9. ENSINANZA NON REGLADA

9.1 INICIACIÓN

Curso preparatorio que serve de introdución á Danza por medio de xogos onde se traballa a coordinación e musicalidade. Pódese acceder a este curso á idade de sete anos, sendo de asistencia obrigatoria dous días á semana.

OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA DE INICIACIÓN

- Coñecer as diferentes partes do corpo.
- Percibir as capacidades psicomotrices do propio corpo.
- Percibir o ritmo como fonte motivadora do movemento.
- Desenvolver a coordinación a través do movemento.
- Estimular a capacidade creativa e de imaxinación, axudando a expresarse e desfrutar da Danza.

10. ENSINANZA REGLADA

10.1. ENSINANZAS ELEMENTAIS

Decreto 196/2007, do 20 de setembro, polo que se establece a ordenación do Grao Elemental das ensinanzas de réxime especial de Danza. Este decreto regula o currículo da enseñanza de Danza do Grao Elemental conforme ao establecido no artigo 48 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.

Para acceder ás ensinanzas de Grao Elemental de Danza é requisito imprescindible superar unha proba específica de acceso, que garante os principios de igualdade, mérito e capacidade.

OBXECTIVOS XERAIS DAS ENSINANZAS ELEMENTAIS

- Aplicar a sensibilidade corporal para a obtención dunha calidade de movemento e dunha interpretación rica en expresividade.
- Adoitar unha correcta colocación do corpo que permita unha base técnica sólida.
- Coordinar os movementos de pernas, torso, cabeza e brazos entendendo estas partes como elementos dun conxunto único na interpretación.
- Realizar correctamente os exercicios da barra e a súa colocación no centro.
- Amosar a forza e elasticidade precisa para o salto en batería.
- Amosar sentido do equilibrio como preparación á técnica do xiro.
- Comprender a importancia dunha axeitada utilización do espazo.
- Ser consciente da respiración na execución de exercicios e na interpretación da danza.

- Realizar con sentido rítmico e musicalidade a execución de todos os movementos que configuran a Danza.
- Coñecer a terminoloxía propia da linguaxe da Danza e o seu significado.

DISTRIBUCIÓN HORARIA E ASIGNATURAS POR CURSO

A partires do 1º curso de Grao Elemental, a asistencia é diaria e obrigatoria. A ensinanza deste grao organízase en catro cursos:

CURSO	ASIGNATURAS
1º CURSO	Danza Clásica, Danza de Carácter, Música
2º CURSO	Danza Clásica, Danza de Carácter, Música
3º CURSO	Danza Clásica, Danza Galega, Música
4º CURSO	Danza Clásica, Introducción á Danza Contemporánea, Introducción á Danza Española e Baile Flamenco, Música

10.2. ENSINANZAS PROFESIONAIS

Decreto 204/2007, do 11 de outubro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de danza. Este decreto regula o currículo das ensinanzas profesionais de danza de acordo ao establecido no artigo 48.2º da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, e integra o establecido no Real Decreto 85/2007, do 26 de xaneiro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de danza. Así mesmo, esta disposición regula os criterios de acceso ás ensinanzas profesionais de danza.

Para acceder ao primeiro curso do Grao Profesional é preciso superar unha proba específica de acceso. Pódese acceder a calquera outro curso deste grao sen ter cursado os anteriores sempre que, a través dunha proba, a persoa aspirante demostre posuír os coñecementos necesarios para cursar con aproveitamento as ensinanzas correspondentes.

OBXECTIVOS XERAIS DAS ENSINANZAS PROFESIONAIS

- Afianzar os coñecementos estudados nas Ensinanzas Elementais.
- Desenvolver a coordinación correcta dos movementos de brazos, cabeza, pernas e torso, na execución dos exercicios de barra e centro.
- Desenvolver a técnica do xiro, partindo e finalizando nas diferentes posición.
- Desenvolver o estudo da técnica dos pequenos saltos e baterías.

- Profundizar no estudo dos saltos a través do fortalecemento muscular do relevé e do control dos cambios de peso do corpo.
- Executar correctamente os exercicios de puntas estudados neste nivel.
- Acadar un grao de interiorización do movemento satisfactorio para permitir ao alumnado desenvolver a súa propia personalidade e sensibilidade musical.

DISTRIBUCIÓN HORARIA E ASIGNATURAS POR CURSO

O ensino da danza no Grao Profesional organízase nun grao de seis cursos de duración. A asistencia é diaria e obrigatoria:

CURSO	ASIGNATURAS
1º CURSO	Danza Clásica, Danza Galega, Música e Acondicionamento físico
2º CURSO	Danza Clásica, Danza de Carácter, Danza Contemporánea, Acondicionamento físico e Música
3º CURSO	Danza Clásica, Danza Contemporánea, Repertorio, Acondicionamento físico e Música
4º CURSO	Danza Clásica, Danza Contemporánea, Repertorio, Acondicionamento físico, Pantomima e Interpretación, Música
5º CURSO	Danza Clásica, Danza Contemporánea, Paso a dous, Repertorio, Anatomía aplicada á Danza, Historia da Danza, Acondicionamento físico, Optativa 1
6º CURSO	Danza Clásica, Danza Contemporánea, Paso a dous, Repertorio, Anatomía aplicada á Danza, Historia da Danza, Acondicionamento físico, Optativa 1, Optativa 2

11. METODOLOXÍA

A metodoloxía empregada é totalmente activa, dentro dun concepto de educación personalizada e socializadora. Durante o desenvolvemento das clases aténdese individualmente a cada alumna/o aportándolle correccións coa fin de acadar unha aprendizaxe rápida e eficaz.

Así mesmo, os estudos de Danza posúen un componente de suma de esforzos, de traballo e resultado grupal, e que se complementa co traballo colectivo, motivo polo que a función socializadora está presente en todo momento didáctico.

A metodoloxía activa lévanos a realizar clases participativas onde o alumnado é axente do seu propio proceso educativo e onde, día a día, descubren os avances, progresos e a solidificación dun traballo físico cheo de vivencias persoais e creativas. Esta metodoloxía abrangue todas as actividades complementarias e extraescolares, que relacionadas coa Danza e a Arte, enchen un importante oco na vida diaria do alumnado do centro.

12. PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL

A titoría e orientación do alumnado forma parte da función docente.

FUNCIÓNS DO MESTRADO

- Coordinar a avaliación como os procesos de ensinanza e aprendizaxe.
- Orientar e asesorar ao alumnado sobre as súas posibilidades académicas e profesionais.
- Informar ás familias sobre as actividades e o rendimento escolar do alumnado.
- Conducir as demandas de inquietudes do alumnado e mediar ante o resto do mestrado e equipa directiva ante os problemas plantexados.
- Asegurar que se cumpren as normas de convivencia grupal.
- Estimular responsabilidades e compromisos.

13. CALENDARIO ESCOLAR

O curso académico axústase ao calendario escolar que fixa anualmente a Consellería de Educación da Comunidade Autónoma de Galicia para as ensinanzas artísticas de Danza.

O calendario escolar e os horarios recolleranse na programación xeral anual e informárase ao alumnado, ao comezo do curso, coa suficiente antelación.

O conservatorio poderá ofertar outras actividades (clases voluntarias, ensaios, espectáculos, conferencias e exposicións, saídas culturais, etcétera...) con carácter voluntario, fóra do calendario escolar previsto co obxectivo de proporcionar unha formación permanente e motivadora de cara ao desenvolvemento integral do alumnado.

14. AVALIACIÓN

A organización das avaliacións e cualificacións recóllese na Orde do 11 de febreiro do 2008, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de Danza que se establecen na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (DOG do 25 de febreiro do 2008).

14.1 CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Durante o curso escolar o tipo de avaliación que se aplica é continua, cunha proba examinatória ao finalizar o terceiro trimestre do curso escolar.

14.1.1. ASPECTOS ACTITUDINAIS a ter en conta na avaliación do alumnado

- Asistencia ás clases e aproveitamento das mesmas.
- A puntualidade.
- O esforzo persoal, físico e mental.
- A capacidade de concentración.
- A disciplina dentro e fóra das clases.
- O respecto ao mestrado, persoal docente e demais alumnado do Conservatorio.
- A capacidade de superación.
- Coidado da hixiene.
- Disciplina e comportamento nos espectáculos e actividades fóra do centro.

14.2. TÉRMINOS DE AVALIACIÓN

14.2.1 ENSINANZAS ELEMENTAIS

Os resultados de avaliación final de cada unha das materias que compoñen o currículo expresaranse mediante a escala numérica de 0 a 10 sen decimais, considerándose positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5 e negativas as inferiores a 5.

14.2.2 ENSINANZAS PROFESIONAIS

Os resultados de avaliación final de cada unha das materias que compoñen o currículo expresaranse mediante a escala numérica de 0 a 10 sen decimais, considerándose positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5 e negativas as inferiores a 5.

14.3. CONTROL E AVALIACIÓN DA ASISTENCIA

Cada docente responsabilizarase de anotar as asistencias, faltas, xustificacións e retrasos do alumnado nas follas de control de asistencia.

Nas reunións do mestrado elaborárase unha normativa que suxeite a unificación do criterio da equipa docente, tanto con respecto á asistencia como en relación a outros aspectos avaliábeis, e co visto bo da dirección do Conservatorio.

14.4. RELACIÓN ASISTENCIA/RENDEMENTO

A asistencia é un factor principal que repercute no progreso e avance do alumnado. A cantidade de asistencia individual precisa para superar un determinado nivel é variable. Ademais do nivel anterior, tamén inflúen a facilidade de aprendizaxe, a actitude, a madurez e as aptitudes físicas do alumnado.